

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 5 de abril de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día cinco de abril do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Rafael Domínguez Artime*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33599.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de abril de 2024.

2.33600.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+ CONVIVENCIA” PARA O ANO 2024 (Expte.2024011107)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1º.- De conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local son competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e en calquera caso, entre outras o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Por outra banda, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por estas.



2º.- A Lei 13/2008 de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, define no seu artigo 2 os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. No artigo 63, relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, éstas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

3º.- Así mesmo, e segundo o establecido Decreto 264/2011, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 10/1997, do 26 de xuño, de Servizos Sociais de Galicia no seu artigo 12, establece os criterios e procedementos para a elaboración e desenvolvemento dos programas sociocomunitarios por parte das entidades locais en Galicia.

4º.- Finalmente, a Disposición adicional primeira da Lei 5/2014 de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, permite que as competencias atribuídas ás entidades locais con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, continuarán sendo exercidas por éstas, e neste sentido, cómpre indicar que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, por razóns de interese social, promove dende hai máis de 20 anos programas análogos como “Coñece a túa provincia” ou “en Ruta coa Depo” a través dos cales, os colectivos sociais da provincia de Pontevedra teñen participado moi activamente.

Dende esta visión apóstase pola implementación dun programa de actividades sociocomunitarias de convivencia dirixido a colectivos sociais, que responde á necesidade imperante de reforzar a convivencia e cohesión social nas nosas comunidades. Nun mundo marcado pola diversidade e os desafíos sociais, estas actividades sociocomunitarias e socioculturais representan unha ferramenta invaluable para fomentar a integración, o entendemento mutuo e o respecto entre diferentes grupos.

Estas actividades ofrecen un espazo propicio para o encontro entre persoas de distintas idades, procedencias e circunstancias, creando oportunidades de interacción que trascenden as barreiras sociais e culturais. Ao saír do entorno cotiá e compartir experiencias nun contexto distinto os participantes teñen a oportunidade de coñecer realidades diversas, ampliar a súa perspectiva e desenvolver empatía cara ás situacións e necesidades doutras.

A diversidade cultural e social da nosa provincia é un dos nosos maiores activos, e é fundamental aproveitala como fonte de enriquecemento e aprendizaxe. Os programas de actividades sociocomunitarias para colectivos sociais permiten celebrar esta diversidade e promover o diálogo intercultural, reforzando os lazos de solidariedade e colaboración entre os distintos grupos que conforman a nosa sociedade.

Ademais, estas actividades contribúen significativamente á inclusión social ao ofrecer acceso equitativo a actividades recreativas e culturais que, doutra maneira, poderían estar fóra do alcance de certos colectivos. Ao brindar oportunidades de participación ás persoas de todos os ámbitos, combátense a exclusión e promóvese a igualdade de oportunidades, construindo unha sociedade máis xusta e igualitaria.



En resumo, a creación dun programa de actividades socioculturais para colectivos sociais é unha medida proactiva e visionaria por parte da Deputación de Pontevedra, que reconece a importancia de investir no reforzamento do tecido social e na promoción da convivencia pacífica e solidaria. Ao fomentar o encontro, o intercambio e a colaboración entre diferentes grupos, estes programas sentan as bases para unha sociedade máis inclusiva, tolerante e cohesionada, onde cada individuo se sinta valorado e parte activa da súa comunidade.

5º.-O programa “+CONVIVENCIA”, consiste na concesión de axudas para a realización de actividades sociocomunitarias e de convivencia, co fin de crear espazos de participación para as entidades da provincia de Pontevedra, onde poidan compartir experiencias e poñer en valor o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

6º.- Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actividade non poderá exceder da cantidade de mil (1.000,00) euros.

7º.- Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social, asociacións de mulleres, asociacións de maiores, asociacións veciñais e culturais e ANPAS, que teñan a sede social ou unha delegación na provincia de Pontevedra que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos
- Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

8º.-Serán obxecto de subvención aqueles gastos previstos a continuación e derivados da realización dalgunha das actividades enmarcadas dentro do “Catálogo +CONVIVENCIA” (Anexo II), que se realicen ata o 15 de decembro de 2024.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada tales coma:

- Custos de entradas ou similares
- Gastos de medios de transporte
- Gastos de axencias de viaxes
- Gastos de guías oficiais de Galicia (<https://aei.turismo.gal/es/rexistro-de-empresas-e-actividades-turisticas>)
- Gastos de seguros necesarios para o desenvolvemento da actividade
- Gastos de restauración e/ou catering que non poderán exceder do 50% do gasto subvencionable (máximo 500 euros)



En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- As actividades subvencionadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial
- Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro)
- Os destinados a atencións protocolarias (agasallos, flores, trofeos, premios etc.)
- As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento

9º.- Salvo as excepción contempladas nas bases, para poder ser beneficiaria deste programa actividade deberá contar cun número mínimo de 50 persoas participantes.

10º.- Cada entidade beneficiaria terá a obriga de planificar, coordinar e velar pola boa execución da actividade sociocultural solicitada. Poderá, se o precisa, contratar os servizos dunha empresa especializada. Entre outras obrigas a entidade solicitante deberá:

- establecer día e horarios da actividade
- dar difusión da actividade entre as persoas socias e de ser preciso entre a comunidade.
- coordinar os servizos de transporte (autocares, trens, barco, etc), restauración ou catering se se contemplan, atendendo ás necesidades específicas das persoas participantes (menús adaptados e/ou infantís, sistemas de protección para menores, etc)
- contratar unha axencia de viaxes, transporte, restauración, seguros, guías, cando proceda
- xestionar o pago dos servizos contratados
- xestionar as autorizacións das fotografías para uso exclusivo do programa, así coma de outras autorizacións se fosen precisas.

11º.- Establécese unha contía consignada para esta convocatoria de subvencións para o ano 2024, con cargo á aplicación 24/231.2311.480.05 do Orzamento xeral da Deputación, ascende a douscentos vinte mil euros (220.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

12º.- Con data 21 de marzo de 2024, Secretaria Xeral emite informe favorable (CSV: 2W0SDB9MPNAT17SN) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que a posta en marcha desta liña de subvencións para a concesión de subvencións ao abeiro do programa “+CONVIVENCIA” 2024 enténdese dentro das competencias coas que a Deputación desenvolve a súa actividade de fomento dos intereses xerais da provincia.

13º.- Con data 1 de abril de 2024, Intervención emite informe favorable (CSV: WI7PHW7IFQAFVFT9) sobre a tramitación do expediente para a aprobación das bases, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta nas bases 24/231.2311.480.05, considerase correcta.

14º.-O órgano para a aprobación das bases reguladoras do programa “+ CONVIVENCIA” para o ano 2024, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do vixente orzamento.



De acordo có exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras e o Anexo I do Programa “+ CONVIVENCIA” para o ano 2024

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có CSV: NRX63J8XZGLXFG7F.

3.33601.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO “DESENVOLVEMENTO DE FESTIVALS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2024”. (Expte.2024010375)

Antecedentes:

Primeiro.- Dentro do ámbito competencial provincial, esta Deputación desenvolve diferentes liñas de apoio a actividades culturais, artísticas e promocionais que teñan lugar na provincia. As actividades de promoción do sector audiovisual revisten un especial interese tanto polo seu obxecto coma pola súa repercusión como medio idóneo para publicitar a provincia.

Segundo.- De conformidade co previsto na Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema, na súa exposición de motivos, a actividade cinematográfica e audiovisual conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa comunidade, como manifestación artística e creativa da entidade cultural dun país.

Terceiro.- A cultura audiovisual, da que sen dúbida o cinema constitúe unha parte fundamental, está presente en todos os ámbitos da sociedade actual, así a Deputación de Pontevedra promove desde o 2017 un marco de actuación cultural baseado nas seguintes premisas:

1. O pulo do sector audiovisual galego, considerado estratéxico para a comunidade e a nosa provincia.
2. A consolidación de industrias audiovisuais competitivas, con posibilidades de exportar e darlle rendibilidade social e económica á cultura galega.
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos, coa posta en valor da cultura galega a través da creación e da divulgación de produtos audiovisuais.
4. O fomento de marcos e espazos expositivos para promover os produtos audiovisuais galegos na provincia de Pontevedra.

Cuarto.- A existencia das industrias audiovisuais é fundamental para o desenvolvemento da actividade cultural e, en definitiva, para o acceso igualitario da cidadanía á cultura. Asociar a imaxe da Deputación a este tipo de actividades en escenarios localizados na provincia encaixa cos obxectivos de promoción cultural e turística desta entidade, o que supón importantes vantaxes de difusión en diferentes medios cun grande impacto global e xustifica o interese neste tipo de actividades.

Quinto.- Vistos os informes favorables xurídico e da Intervención de 4 de marzo de 2024.



Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d).
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69.
- Lei 55/2007, de 28 de decembro, do cinema.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 22 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Segundo.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 32 da citada Lei 55/2007 prevese a existencia de axudas para a organización de festivais e certames cinematográficos de recoñecido prestixio que teñan lugar no territorio nacional.

Adicionalmente, de conformidade co establecido no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118.d), a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 118 d), establece como competencias propias das deputacións provinciais a organización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Adicionalmente, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.1 d) determina a competencia provincial na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.



Terceiro.- A competencia para a aprobación destas bases corresponde á Xunta de Goberno, segundo o previsto nas bases de execución do orzamento provincial

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Bases de subvencións a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais na provincia de Pontevedra no ano 2024 e que figuran co CSV: STA1UYB3FT2GU2VP

4.33602.- APROBACIÓN DE ACTUACIÓNS AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PROGRAMA “+MÚSICA” 2024. (Expte.2024003386)

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión que tivo lugar o 30 de xaneiro de 2024, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 do programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, que se publicaron no BOPPO núm. 24 de 2 de febreiro de 2024.

Poden beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

Segundo.- Segundo o establecido na base novena da convocatoria, os concellos tiñan de prazo desde o 1 de marzo de 2024 ata o 15 de marzo de 2024, ambos incluídos, para presentar solicitudes de actuacións con cargo a dito programa.

Terceiro.- Tal como figura na base sétima da convocatoria, as actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:

- A Deputación de Pontevedra aboará o 100% do caché do espectáculo do grupo ou artista, previa tramitación do expediente de contratación correspondente.
- O concello aboará a produción da actuación (equipos de son, luz, escenario e demais medios necesarios para o seu desenvolvemento).
-

Cuarto.- En consecuencia e á vista da presentación de solicitudes por parte dos concellos da provincia e de acordo cos criterios de adxudicación das actuacións, establecidos na base décimo quinta, confecciónase o listado das agrupacións que lle corresponden a cada concello e establécese o caché a aboar pola Deputación a cada grupo, que servirá para o prezo do correspondente contrato.

Quinto.- Vistos os informes favorables xurídico e o de Intervención de data 01 de abril de 2024 con CSV: F3U5Y5KLFLGB58BF.



Fundamentos xurídicos e técnicos

:

Primeiro.- Lexislación aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
 - Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
 - Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
 - Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
 - Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
 - Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
 - Bases reguladoras para o ano 2024 do Programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 24 de 2 de febreiro de 2024)
- Segundo.- A competencia para a aprobación das actuacións autorizadas a cada concello da provincia corresponde á Xunta de Goberno, tal como se recolle na base décimo sexta da convocatoria.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a relación de actuacións autorizadas a cada concello da provincia con cargo ao Programa “+Música” que se relacionan de seguido:

Pref.	CONCELLO	GRUPO	DATA ACTUACIÓN	TOTAL
1	CONCELLO DE OIA	MILLADOIRO	20/07/2024	13.915,00 €
1	CONCELLO DE DOZÓN	ORTIGA E PILI PAMPÍN	01/09/2024	14.520,00 €
1	CONCELLO DE SANXENXO	TREIXADURA	24/07/2024	11.495,00 €
1	CONCELLO DE BUEU	DAKIDARRÍA	18/05/2024	14.520,00 €
1	CONCELLO DE MOAÑA	BUDIÑO	27/07/2024	12.947,00 €
1	CONCELLO DE VILABOA	TREIXADURA	11/05/2024	11.495,00 €
1	CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	LUAR NA LUBRE	24/08/2024	13.310,00 €
1	CONCELLO DE CAMBADOS	THE RAPANTS	31/07/2024	9.922,00 €
1	CONCELLO DE MEIS	GUADI GALEGO	14/07/2024	10.890,00 €
1	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA	LONTREIRA	21/09/2024	8.470,00 €



1	CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	"XUNTOS POLA MÚSICA"	10/08/2024	12.100,00 €
1	CONCELLO DE TOMIÑO	DAKIDARRÍA	27/07/2024	14.520,00 €
1	CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE	TREIXADURA	13/07/2024	11.495,00 €
1	CONCELLO DE CATOIRA	FILLAS DE CASSANDRA	02/08/2024	12.705,00 €
1	CONCELLO DE MARÍN	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE	07/09/2024	11.616,00 €
1	CONCELLO VILA DE CRUCES	PELEPAU	12/08/2024	10.800,00 €
1	CONCELLO DE SOUTOMAIOR	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE	03/08/2024	11.616,00 €
1	CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN	GRANDE AMORE	10/08/2024	7.623,00 €
1	CONCELLO DE REDONDELA	SÉS	25/07/2024	12.100,00 €
1	CONCELLO DO PORRIÑO	MILLADOIRO	21/09/2024	13.915,00 €
1	CONCELLO DE MEAÑO	DAKIDARRÍA	24/08/2024	14.520,00 €
1	CONCELLO DE SILLEDA	LEIRABUXO	23/08/2024	9.500,00 €
1	CONCELLO DE RODEIRO	BOYANKA KOSTOVA	18/05/2024	7.623,00 €
1	CONCELLO DE PORTAS	LUCIA PEREZ	26/05/2024	12.463,00 €
1	CONCELLO DO ROSAL	FILLAS DE CASSANDRA	25/07/2024	12.705,00 €
1	CONCELLO DE ARBO	ROI CASAL	10/08/2024	13.310,00 €
1	CONCELLO DE O GROVE	ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA	25/07/2024	9.922,00 €
1	CONCELLO DE PONTE-CALDELAS	ORQUESTRA FOLK SONDESEU	25/08/2024	14.997,95 €
1	CONCELLO DE CALDAS DE REIS	SÉS	14/08/2024	12.100,00 €
1	CONCELLO DE MORAÑA	ROI CASAL	28/07/2024	13.310,00 €
1	CONCELLO DE A GUARDA	QUEIMAN FOLKI DE BRUXO QUEIMAN	24/08/2024	7.139,00 €



1	CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES	LEIRABUXO	03/08/2024	9.500,00 €
1	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	GUADI GALEGO	18/08/2024	10.890,00 €
1	CONCELLO DE CANGAS	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE	30/08/2024	11.616,00 €
1	CONCELLO DE A CAÑIZA	PELEPAU	12/08/2024	10.800,00 €
1	CONCELLO DE AGOLADA	XURXO FERNANDES	11/08/2024	7.260,00 €
1	CONCELLO DE CRECENTE	ENSEMBLE GROBA	10/08/2024	9.438,00 €
2	CONCELLO DE NIGRÁN	EREA CASTRO	25/08/2024	6.926,50 €
2	CONCELLO DE PONTEAREAS	CAMIÑANTES E CANTANTES	07/09/2024	9.950,00 €
2	CONCELLO DE FORCAREI	MONOULIOUS DOP	24/08/2024	4.840,00 €
1	CONCELLO DE MOS	FRANCISCO CASTRO & A BANDA DOS BORGES	17/05/2024	8.995,00 €
1	CONCELLO DE BAIONA	ROI CASAL	25/07/2024	13.310,00 €
2	CONCELLO DE LALIN	ANXO LORENZO	26/07/2024	9.980,00 €
1	CONCELLO DE TUI	FESTICULTORES TROUPE	17/08/2024	4.840,00 €
1	CONCELLO DE COVELO	A RODA	25/07/2024	6.000,00 €
1	CONCELLO DAS NEVES	ASTAROT	25/07/2024	6.655,00 €
1	CONCELLO DE MONDARIZ	ASTAROT	14/08/2024	6.655,00 €
1	CONCELLO MONDARIZ BALNEARIO	QUINKILLADA	13/07/2024	3.872,00 €
1	CONCELLO DE GONDOMAR	DE VACAS	15/08/2024	6.050,00 €
1	CONCELLO DE CUNTIS	LONTREIRA	15/08/2024	8.470,00 €
1	CONCELLO DE PONTECESURES	GRANDE AMORE	05/07/2024	7.623,00 €
1	CONCELLO DE POIO	THE RAPANTS	23/08/2024	9.922,00 €



1	CONCELLO DE BARRO	DE VACAS	24/07/2024	6.050,00 €
1	CONCELLO A LAMA	ANXO LORENZO	04/08/2024	9.980,00 €
1	CONCELLO DE A ESTRADA	THE RAPANTS	25/06/2024	9.922,00 €
1	CONCELLO DE VALGA	ORTIGA	13/07/2024	9.680,00 €
1	CONCELLO DE RIBADUMIA	MONDRA	15/06/2024	7.562,50 €
1	CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	DE VACAS	01/09/2024	6.050,00 €
1	CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	EREA CASTRO	20/07/2024	6.926,50 €
				597.327,45 €

5.33603.- ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE Ó ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO ERASMUS+ 2023 (3ª MOBILIDADE) (Expte.2023003512)

ANTECEDENTES DE FEITO

O 23 de novembro de 2022 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea núm. C 444/16 a convocatoria de propostas 2023 (EAC/A10/2022) do Programa Erasmus+, ao abeiro do Regulamento (UE) Núm. 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio do 2021, polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a xuventude e o deporte, e se derroga o Regulamento (UE) núm. 1288/2013.

O 21 de febreiro de 2023 a Deputación de Pontevedra presentou o proxecto do consorcio de mobilidade (ID da solicitude: KA121-VET-DB33C956) dentro da Acción Clave 1 (KA1) “Mobilidade das persoas por motivo de aprendizaxe” que ten as seguintes características:

Obxectivo global: levar a cabo un programa de mobilidade de estudantes recentemente titulados de ciclos medios de Formación Profesional, Formación Profesional Básica e cursos que conduzan á obtención de Certificados de Profesionalidade dos niveis I, II e III pertencentes a distintas familias profesionais co fin de colaborar na súa integración no mundo laboral a través de prácticas laborais en empresas e institucións estranxeiras.



Número de participantes: 90 mobilidades de longa duración de estudantes de FP (*ErasmusPro*), 10 mobilidades de aprendizaxe por observación de docentes e persoal non docente que traballe en educación e formación profesional e 1 visita preparatoria.

Duración e prazo de desenvolvemento do proxecto: 15 meses (dende o 1 de xuño de 2023 ata o 31 de agosto de 2024). Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios de proxectos acreditados terán a posibilidade de ampliar o seu proxecto ata unha duración total de 24 meses, tal e como recolle a Guía do Programa Erasmus.

Ámbito de actuación do proxecto: Alemaña, Bélxica, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Islandia, Malta, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía ou calquera noutro país do programa Erasmus+.

O 21 de xullo de 2023 a dirección do *Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), emitiu a resolución definitiva pola que se resolveu publicar os listados de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva e rexeitadas da Acción Clave 1 – Mobilidade educativa de persoas (KA121,KA122), correspondente á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2023, concedendo á Deputación de Pontevedra unha axuda para a realización do proxecto presentado por importe de 1.182.155,00€.

Trátase dun proxecto plurianual (2023-2024) financiado con fondos do SEPIE e fondos propios e para a anualidade 2023 realizáronse as operacións de xeración de crédito polo importe da subvención concedida polo SEPIE para ese exercicio e por parte do financiamento propio realizáronse as correspondentes operacións de modificación de crédito, comprometéndose a Deputación de Pontevedra ao financiamento do importe da anualidade do proxecto.

Con data 24 de agosto de 2023 a Deputación asinou co SEPIE o convenio a través do cal se acepta a subvención concedida e se asume o compromiso de executar o proxecto nos termos e condicións establecidas.

O prazo establecido para levar a cabo este proxecto é de 15 meses, dende o 1 de xuño de 2023 ata ao 31 de agosto de 2024. Con todo, ao cabo de 12 meses, todos os beneficiarios teñen a posibilidade de ampliar os seus proxectos ata unha duración total de 24 meses. Isto establécese na Guía do Programa Erasmus+ (*Erasmus+ Programme Guide*), que forma parte integrante da Convocatoria de Propostas 2023 do Programa Erasmus+.

De acordo co previsto na memoria do proxecto, en cada un dos centros de Formación Profesional constituíuse un comité de mobilidade, encargado da selección dos alumnos participantes, concreción do país de destino e data de inicio da prácticas. Á súa vez, a Deputación creou o seu comité de mobilidade para o asesoramento en materia xerais relativas ao proxecto, así como calquera outra necesidade e imprevisto relacionado coas prácticas.



Partindo das propostas dos centros de Formación Profesional e do comité de mobilidade da Deputación, o alumnado distribuirase en varias quendas de mobilidade:

- A primeira quenda, que comprende un total de 14 alumnos que iniciarán a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal, Italia e Malta, Irlanda e República Checa
- A segunda quenda, que comprende 1 docente que iniciarán a mobilidade en marzo do 2024 con destino Portugal.
- A terceira quenda, que comprende un total de 17 alumnos que iniciarán a mobilidade en abril do 2024 con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal
- Os seguintes grupos comprenderán un número indeterminado de alumnos (a concretar en próximas reunións do consorcio) que iniciarán a mobilidade en xullo do 2024.

A duración total das prácticas no país estranxeiro no poderá superar 365 días. Se durante este período se cumpren 12 meses a contar dende a finalización dos estudos, nese caso daranse por concluídas en tal data. O importe da axuda vén determinado en función do número de días de estancia e do país de destino. A plataforma *Beneficiary Module*, creada pola Comisión Europea para a xestión dos proxectos Erasmus+, realiza o cálculo da contía correspondente de forma automática segundo as directrices do programa.

A data de inicio do período de mobilidade será o primeiro día no que o participante teña que estar presente na organización de acollida. A data de finalización será o último día no que o participante teña que estar na organización de acollida. Engadese 1 día para a viaxe se se produce antes do primeiro día da actividade e 1 día para a viaxe de volta se se produce tras a finalización do período de mobilidade, e inclúense no cálculo da partida de Apoio Individual

O apartado 1º da cláusula 4 (modalidades de pago) do convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional para estudos e/ou prácticas que se asina entre a institución beneficiaria da subvención (Deputación de Pontevedra) e os participantes establece que nos 30 días posteriores á sinatura do convenio por ambas partes e non mais tarde da data de inicio do período de mobilidade ou tras a recepción da confirmación da chegada, realizarase un pago de prefinanciación ao participante equivalente ao 90% del importe especificado en la cláusula 3. En base ao anterior, a Deputación comprométese a realizar o primeiro pago ao alumnado con anterioridade á data de inicio do período de mobilidade. Este criterio foi ratificado polo SEPIE na auditoría realizada ao proxecto Practicum Depo 2016 os días 21 e 22 de xaneiro de 2019 de cara á xestión de todos os proxectos Erasmus+ futuros.

Considerando o anterior debe advertirse que os pagos efectivos con saída de caudais da Deputación realizados con posterioridade á data de inicio das prácticas do alumnado ou do período de mobilidades de formación e visitas preparatorias dos docentes ou persoal serán considerados como custos non elixibles e, polo tanto, o SEPIE realizará unha corrección financeira do proxecto e reclamará a totalidade das contías que non cumpran os parámetros indicados por consideralas como custos non elixibles.

Con data 26 de marzo de 2024 emitíuse informe – proposta para a adxudicación das bolsas de mobilidade ao alumnado participante no proxecto Erasmus+ 2023 (3ª mobilidade) asinado polo xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local co visto e prace do Deputado Delegado.



Con data 27 de marzo de 2024 a Intervención emitiu informe de fiscalización favorable para a concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participa neste proxecto Erasmus+ 2023 (3ª mobilidade) detalladas no anexo. A contía ascende a 94.636,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto 2300005 - ERASMUS+ 2023

NORMATIVA APLICABLE

Estas axudas axustaranse ao previsto nas Bases reguladoras da concesión da subvención: Convocatoria de propostas 2023 do programa Erasmus+ (EAC/A10/2022), así como ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento desta Lei, e as Bases número 16 e 24 e seguintes das de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2024.

A concesión destas axudas corresponde á Xunta de Goberno en virtude das facultades que lle atribúe a base 16.2ª de execución do vixente orzamento.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable a este tipo de axudas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. A concesión das bolsas de mobilidade a favor do alumnado que participan neste proxecto Erasmus+ 2023 (3ª mobilidade), nas cantidades detalladas no anexo en concepto de axuda por mobilidade (axuda individual + axuda de viaxe).

Para esta 3ª mobilidade con destino Croacia, Irlanda, Italia, Malta e Portugal a contía ascende a 94.636,00 € que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 24/240.2429.481.01.2023 do proxecto de gasto 2300005 - ERASMUS+ 2023 pertencente ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

2. Notificar este acordo ás partes interesadas.

A axuda financeira ou parte dela será reembolsada se o participante non cumpre coas súas obrigas. Se o participante rescinde o convenio de participación antes do seu prazo de finalización ou se incumpre o establecido no mesmo, deberá proceder á devolución da cantidade da axuda que se lle aboou.

En caso de rescisión do participante por causas de forza maior, isto é, debido a unha situación ou acontecemento imprevisible e excepcional alleo á vontade do participante e non atribuíble a erro ou negligencia pola súa parte, o participante terá dereito a percibir a contía da axuda correspondente á duración real do período de mobilidade, e calquera fondo restante deberá ser devolto.



Dito anexo é como segue:

ANEXO

Nome e apelidos	Sector	Centro Formación	Destino	Data de inicio mobilidade	Data de fin mobilidade	Días de mobilidade + 2 d. viaxe	Total axuda individual	Axuda viaxe	100% (axuda individual + axuda de viaxe)	1º abono	2º abono
Alejandro Plaza Castro	Vídeo Dj e Son	IES AUDIOVISUAL DE VIGO	PORTUGAL	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	275,00 €	5.553,00 €	4.997,70 €	555,30 €
Brais Canicoba Couto	FPB Informática Básica de Oficina	IES ANTON LOSADA DIEGUEZ	PORTUGAL	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	275,00 €	5.553,00 €	4.997,70 €	555,30 €
David Alvarez Vazquez	Instación e amonblamento	CIFP A XUNQUEIRA	IRLANDA	29/04/2024	30/08/2024	126	6.076,00 €	275,00 €	6.351,00 €	5.715,90 €	635,10 €
Guillermo Barroncas Caride	Coidados auxiliares de enfermaria	FORMACION DIVINO MAESTRO	ITALIA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	275,00 €	5.553,00 €	4.997,70 €	555,30 €
Hugo Alonso Vazquez	Gestión administrativa	FORMACION DIVINO MAESTRO	MALTA	29/04/2024	31/07/2024	96	4.696,00 €	275,00 €	4.971,00 €	4.473,90 €	497,10 €
Javier Villaceros Teixeira	Instalacións de Telecomunicacións	IES ANTÓN ALONSO RÍOS	ITALIA	29/04/2024	30/07/2024	95	4.038,00 €	360,00 €	4.398,00 €	3.958,20 €	439,80 €
Juan Otero Mendez	Gestión administrativa	FORMACION DIVINO MAESTRO	MALTA	29/04/2024	31/07/2024	96	4.696,00 €	275,00 €	4.971,00 €	4.473,90 €	497,10 €
Judith Silva Alfaya	Coidados auxiliares de enfermaria	FORMACION DIVINO MAESTRO	ITALIA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	275,00 €	5.553,00 €	4.997,70 €	555,30 €
Mariam Gonzalez Rodríguez	Coidados auxiliares de enfermaria	EFA CANCELA	PORTUGAL	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	180,00 €	5.458,00 €	4.912,20 €	545,80 €
Mario Sanchez Tombo	Vídeo Dj e Son	IES AUDIOVISUAL DE VIGO	CROACIA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	360,00 €	5.638,00 €	5.074,20 €	563,80 €
Melissa Gama Bello	Coidados auxiliares de enfermaria	FORMACION DIVINO MAESTRO	ITALIA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	275,00 €	5.553,00 €	4.997,70 €	555,30 €
Mireya Lavilla Torrón	Coidados auxiliares de enfermaria	FORMACION DIVINO MAESTRO	ITALIA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	275,00 €	5.553,00 €	4.997,70 €	555,30 €
Priscila Marilia Joaquin Bastos	Xestión administrativa	CPR DANIEL CASTELAO	IRLANDA	29/04/2024	30/08/2024	126	6.076,00 €	275,00 €	6.351,00 €	5.715,90 €	635,10 €
Raquel Perez Gonzalez	Coidados auxiliares de enfermaria	FORMACION DIVINO MAESTRO	ITALIA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	275,00 €	5.553,00 €	4.997,70 €	555,30 €
Roberto Iglesias Pérez	Emerxencias sanitarias	IES RICARDO MELLA	ITALIA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	360,00 €	5.638,00 €	5.074,20 €	563,80 €
Santiago Molina Santos	Carpintería e moble	CIFP A XUNQUEIRA	IRLANDA	29/04/2024	30/08/2024	126	6.076,00 €	275,00 €	6.351,00 €	5.715,90 €	635,10 €
Thomas Barga Rodríguez	Xestión administrativa	IES RICARDO MELLA	MALTA	29/04/2024	30/08/2024	126	5.278,00 €	360,00 €	5.638,00 €	5.074,20 €	563,80 €
									94.636,00 €		

6.33604.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL DO CONCELLO”. (Expte.2024019288)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 20/03/2024, con rexistro núm.WEB2024018372, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Baiona na que solicita unha subvención por importe de 85.876,88 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello” (Expte.:2024019288), cun orzamento por importe de 143.128,13 euros.



Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Escola de verán	28.000,00 €	16.800,00 €
Baiona Lila	10.638,28 €	6.382,96 €
Baiverán 2024	75.000,00 €	45.000,00 €
Festa do Carne 2024	29.489,86 €	17.693,92 €
TOTAL	143.128,13 €	85.876,88 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15^a das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 26/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF:P3600300B, a cantidade de 85.876,88 euros, con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social do Concello*” (Expte.:2024019288), cun orzamento por importe de 143.128,13 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

7.33605.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3). (Expte.2024020125)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal. As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.



Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO					
Data de presentación:			25/03/2024 (registro WEB2024019291)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>2 albañeis en xornada de 35 h./sem. durante 9 meses; 1 peón de limpeza en xornada de 35 h./sem. durante 7 meses; 4 peóns forestais en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses e 2 socorristas a xornada completa durante 2 meses e medio</i>	89.071,73 €	89.071,73 €	402,76 €	88.668,97 €

- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 26/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/04/2024, a Xunta de acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán*, CIF:P3603500D, a cantidade de 92.600,00 euros, con destino ao financiamento de “*Actividades culturais e deportivas ano 2024*” (Expte.:2024019673), cun orzamento por importe de 138.900,00 euros.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Nigrán*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



10.33608.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3). (Expte.2024001783)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

A cantidade máxima que o Concello de Pontecesures pode destinar a liña 3-activación do emprego 2024 ascende a 81.640,15 euros.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2024, punto núm. 10.33411, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrència non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

No caso do *Concello de Pontecesures*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTECESURES					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
5	<i>2 peóns obra pública en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 1 limpador/a edificios municipais e 1 peón auxiliar xardinaría en xornada de 25 h./sem. durante 10 meses</i>	84.111,79 €	82.102,10 €	2.471,64 €	81.640,15 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024018492 do 20/03/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivado pola necesidade de reformular a duración dos contratos ante a imposibilidade de realizar as contratacións nas datas previstas inicialmente, así como por axustar o importe dos custes salariais ó detectar erros nas cantidades remitidas xunto coa solicitude da subvención.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a imposibilidade de iniciar as contratacións nas datas previstas inicialmente e tras detectar erros nos importes dos custos salariais presentados coa solicitude de subvención, o interesado solicita modificar as duracións dos contratos, o importe do orzamento, o importe a cofinanciar e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTECESURES					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
5	<i>2 peóns obra pública en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses; 1 limpador/a edificios municipais xornada de 25 h./sem. durante 10 meses; 1 arquitecto/a técnico/a en xornada de 25 h./sem. durante 9,56667 meses e 1 peón auxiliar xardinaría en xornada de 25 h./sem. durante 9,46665 meses</i>	81.786,28 €	79.858,83 €	1.927,45 €	79.858,83 €



A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 02/02/2024, punto nº10.33411, no referente á subvención concedida ó *Concello de Pontecesures*, CIF núm. P3604400F, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pontecesures (P3604400F)	5	2 peóns obra pública en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses; 1 limpador/a edificios municipais xornada de 25 h./sem. durante 10 meses; 1 arquitecto/a técnico/a en xornada de 25 h./sem. durante 9,56667 meses e 1 peón auxiliar xardinaría en xornada de 25 h./sem. durante 9,46665 meses	79.858,83 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV:BGLN5H3LTO0K106N) e do informe de Intervención (CSV:ED8ECG8MYYE605KC), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 2 de febreiro de 2024, punto núm. 10.33411, no referente á subvención concedida ó *Concello de Pontecesures*, CIF núm. P3604400F, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Pontecesures (P3604400F)	5	2 peóns obra pública en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses; 1 limpador/a edificios municipais xornada de 25 h./sem. durante 10 meses; 1 arquitecto/a técnico/a en xornada de 25 h./sem. durante 9,56667 meses e 1 peón auxiliar xardinaría en xornada de 25 h./sem. durante 9,46665 meses	79.858,83 €



O importe restante poderá destinarse o financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena do Plan +Provincia 2024.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

11.33609.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA- LIÑA 1 CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REPAVIMENTACIÓN EN CAMIÑOS DE MANTELLE, VACARÍA, A CHAN, O CASAL E CERQUIDO, BUDIÑO”. (Expte.2024019099)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 20/03/2024, mediante rexistro WEB2024018360, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello do Porriño na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 124.820,05 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Repavimentación en camiños de Mantelle, Vacaría, A Chan, O Casal e Cerquido, Budiño*” (Expte. 2024019099), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	124.820,05	124.820,05	0,00	0,00

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación da mesma data que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/03/2024, a Xunta De Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Porriño*, CIF: P3603900F, unha subvención por importe de 124.820,05 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Repavimentación en camiño de Mantelle, Vacaría, A Chan, O Casal e Cerquido, Budiño*” (exp: 2024019099)”, cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado as autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, da entidade pública AXI, do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e da Deputación de Pontevedra (Servizo de Infraestruturas).



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2025 e xustificado a 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de O Porriño*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.33610.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS”.
(Expte.2024019282)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 19/03/2024, con rexistro núm.WEB2024018275, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Redondela na que solicita unha subvención por importe de 103.442,00 euros, con destino ao financiamento de “*Servizo de limpeza de edificios municipais*” (Expte.:2024019282), cun orzamento polo mesmo importe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 26/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 01/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela*, CIF:P3604500C, a cantidade de 103.442,00 euros, con destino ao financiamento de “*Servizo de limpeza de edificios municipais*” (Expte.:2024019282), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

13.33611.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN DE VÍAS RURAIS NO CONCELLO DA ESTRADA – PLAN + PROVINCIA 2024” (EXPEDIENTE: 2024020190). (COOPERACIÓN)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 26/03/2024, mediante rexistro WEB2024019539, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de A Estrada na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 600.000,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación de vías rurais no concello da Estrada-Plan + Provincia 2024”, en base a un orzamento polo mesmo importe.

O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso do importe restante das Liña 3 (144.885,03 €) e Liña 4 (7.952,49) para a Liña 1.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento as autorizacións sectoriais do servizo de Infraestruturas e Vías Públicas da Deputación de Pontevedra, da AXI da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Unidade de Estradas do Estado do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

As devanditas autorizacións serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 02/04/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 02/04/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 03/04/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Estrada* CIF P3601700B a cantidade de 600.000,00 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación de vías rurais no concello da Estrada-Plan + Provincia 2024*” (Expte. 2024020190) en base a un orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do servizo de Infraestruturas e Vías Públicas da Deputación de Pontevedra, da AXI da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Unidade de Estradas do Estado do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, os investimentos subvencionados deben estar executadas a 31 de decembro de 2025 e xustificadas o 31 de maio de 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de A Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



14.33612.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA EMPRESA ENMACOSA CONSULTORÍA TÉCNICA, S.A., CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN ORDINARIA DO 10/11/2023 (ACORDO Nº9.33154), POLO QUE SE DESESTIMA A SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DA DEPUTACIÓN. (Expte.2023010892)

A Xunta de Goberno, visto o recurso de reposición interposto pola empresa Enmacosa Consultoria Técnica, S.A., contra a desestimación da solicitude de ampliación de prazo de presentación de ofertas no referido procedemento de adxudicación, resolve en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 8 de setembro de 2023, aprobou o expediente para a contratación, en lotes, e mediante procedemento aberto, do servizo de “*Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra*”.

O anuncio de licitación do contrato publicouse no Diario Oficial da Unión Europea, con data 15 de setembro de 2023, e no perfil do contratante da Deputación, integrado na Plataforma de Contratación do Sector público, con data 19 de setembro de 2023, concedendo un prazo de presentación de ofertas que finalizaba ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso de 30 días naturais desde o envío do anuncio ao DOUE, é dicir, o día 16 de outubro de 2023.

Segundo: Rematado o prazo de presentación de ofertas, a empresa Enmacosa Consultoria Técnica, S.A. (CIF:A-27.812.627) presenta escrito (Rexistro entrada WEB2023058187, de 17/10/2023), no que solicita a ampliación do prazo de presentación de ofertas no referido procedemento, indicando que non puido presentar a súa oferta na plataforma de licitación electrónica Vortal por causas alleas a súa vontade.

Segundo a empresa, o día 16/10/2023 non puideron acceder á Plataforma de licitación electrónica para cargar o documento “*Anexo I proposición económica*” por problemas co navegador. O resto dos documentos foron subidos o 13/10/2023.

Sinalan que ás 9:39 horas reciben un correo electrónico de Vortal que lles informa que superaron o número límite de intentos de acceso á plataforma, facilitándolles enlace de recuperación de contrasinal para desbloquear o usuario, e remitíndolles ao servizo de atención ao cliente para calquera aclaración.

No enlace indicase que “*o contrasinal debe ter polo menos 8 caracteres e debe conter polo menos 3 destes grupos de caracteres: Letras maiúsculas, minúsculas, números e símbolos*”, así como a porcentaxe de seguridade alcanzada cos caracteres escollidos (82%).



Tras varios intentos fallidos de cambio do contrasinal, chaman ao servizo ao cliente, onde lles aclaran que o contrasinal debe conter polo menos un dos 4 grupos de caracteres, e non 3 dos 4, como indica o enlace. Unha vez xerada o contrasinal conforme ás instrucións do servizo de atención ao cliente, a actualización é inmediata, pero o prazo de presentación de ofertas xa se atopaba excedido.

Segundo a empresa, o feito da incorrecta instrución do enlace foi a causa principal que provocou que se perdesse o tempo necesario para subir o arquivo que faltaba dentro do prazo de presentación da licitación, dado que, noutro caso, ás 9:48 horas o contrasinal estaría restablecida.

Terceiro: Consultada a plataforma pola Deputación, o departamento de Calidade e Seguridade da Información de Vortal emite informe con data 19 de outubro de 2023, informa o seguinte:

“Durante o día de finalización do prazo de presentación de ofertas:

Existen os seguintes rexistros de contactos co Servizo de Atención ao Cliente de Vortal por parte do licitador en cuestión:

- *O día 16/10/2023 ás 10:21 horas: O licitador contacta co Servizo de Atención ao Cliente solicitando axuda para cambiar contrasinal. Achéganse as aclaracións oportunas.*
- *O día 16/10/2023 ás 16:11 horas: O licitador contacta co Servizo de Atención ao Cliente reportando que tivo unha incidencia no cambio de contrasinal e por iso perden o prazo habilitado para a presentación da oferta, nese caso, desde o Servizo de Atención ao Cliente aclárase que ten que solicitar o informe pertinente para aclarar a situación.*

O licitador realizou as seguintes accións na plataforma:

- *día 04/10/2023 ás 13:16:36 horas: empeza a crear a súa oferta*
- *día 05/10/2023 ás 17:08:03 horas: comeza a cargar documentos*
- *día 16/10/2023 ás 10:38:02 horas: finaliza de cargar documentos*
- *Non rexístranse firmas de documentos*
- *Sen rexistro de envío da oferta*

Tras a análise dos rexistros das accións realizadas polo licitador na plataforma, non existen evidencias de erros inherentes ao funcionamento da plataforma que puidesen impedir o correcto envío da súa oferta, nin se achegan evidencias para a súa análise. Desde o Servizo de Atención ao Cliente aclarouse o proceso de cambio de contrasinal, en dita consulta o licitador ponse en contacto xose do prazo de presentación de ofertas.

Como contexto, débense realizar os seguintes pasos para executar o envío de ofertas a través da plataforma:

- *Unha vez creada a oferta, o estado da mesma que mostra a plataforma será "En edición".*
- *Unha vez completada a oferta e como paso previo ao envío, é necesario que todos os documentos estean asinados (os cargados e os xerados pola plataforma). A plataforma xera documentos en formato .pdf e .xml co contido dos sobres, que deben ser igualmente asinados para garantir o envío da información que neles se inclúe.*
- *Unha vez finalizada a creación da oferta, o estado será "Aprobado", e será necesario cifrar e enviar a proposta.*



- No panel envío é necesario aceptar os termos e condicións, e pulsar o botón “Enviar oferta”.
- Despois do envío da oferta, xérase un recibo electrónico que está dispoñible na área de traballo do provedor ou na área de traballo do comprador no cartafol do expediente.

Amais, nos termos de uso da plataforma dispoñibles na propia plataforma, entre outras cuestións recoméndase:

o) “Anticipar as accións en PLATAFORMA, principalmente as que teñan que ocorrer dentro dun prazo establecido, como forma preventiva de non comprometer os prazos aplicables (...).”

A plataforma electrónica de Vortal é unicamente a infraestrutura tecnolóxica na cal se desenvolve o expediente e non ten intervención nas decisións. Vortal debe, en todos os casos, comunicar e reportar as situacións de incidencias técnicas e funcionais que se produzan na plataforma, para que as entidades poidanas valorar na súa análise e toma de decisións.”

Cuarto: Con data 25 de outubro de 2023, o departamento de Calidade e Seguridade da Información de Vortal emite un segundo informe, idéntico ao anterior, a excepción da referencia de informe e a conclusión do mesmo, que di así:

“Tras a análise dos rexistros das accións realizadas polo licitador na plataforma e as evidencias achegadas polo mesmo o pasado 18 de outubro, podemos concluír que, primeiramente sobre a cuestión do contrasinal, detallamos que se reproduciron cinco intentos erróneos ao introducir as credenciais do usuario, e efectivamente, debido a un erro na plataforma, un dos requisitos non foi comunicado polo sistema, en concreto, o aviso sobre a necesidade de que o contrasinal conteña letras minúsculas e, por iso, o cambio non se realizou correctamente, deixando ao usuario (scerqueira@enmacosa.com) bloqueado o día 16/10/2023 ás 09:39:49 horas.

Amais, informamos que o usuario só puido completar o formulario principal o día 16/10/2023 ás 10:39:51 horas, xa fose do prazo habilitado para presentación da oferta.”

Quinto: Á vista dos dous informes, con elementos difusos e contraditorios, resulta preciso prestar aclaración a diversas cuestións, polo que se realiza novamente unha consulta á empresa Vortal, mediante solicitude formal do xefe do servizo de Contratación (CSV: 3M05NAMKFDX6PNAE).

En resposta a dita solicitude, con data 31 de outubro de 2023, o departamento de Calidade e Seguridade da Información de Vortal emite un terceiro informe, que aclara os anteriores, nos seguintes termos:

“Finalmente, procédese a expor as aclaracións pertinentes solicitadas pola entidade, coa intención de dilucidar a situación. Esta exposición será ordenada en base aos elementos nos que se basea a petición do presente informe:

- 1. A primeira cuestión, é dilucidar se os “cinco intentos erróneos ao introducir as credenciais do usuario” foron consecuencia dunha equivocación do usuario ao introducir o contrasinal ou por un funcionamento anormal da plataforma.*

O equipo de enxeñería de Vortal, tras a análise pertinente, resolve que o cinco intentos erróneos son froito da equivocación do usuario ao acceder coas súas credenciais á Plataforma de Vortal, por iso recibe o correo electrónico que informa da situación de bloqueo e indica a ligazón á recuperación das mesmas para poder entrar de novo. Non se detecta un comportamento anómalo neste paso do proceso.



2. *Se ás 09:39:49 estaban cargados a totalidade de documentos da oferta, pendentes unicamente da firma e envío, ou entendemos que faltaban documentos que foron cargados ás 10:38:02 do día 16/10/2023.
Segundo as trazas de actividade da empresa na Plataforma de Vortal, e tal e como se expón no apartado de accións do licitador, a empresa ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, S.A. finaliza a carga dos documentos da oferta, concretamente o arquivo “ANEXO_I_MODELO_DE_PROPOSICION_ECONOMICA.pdf” ás 10:38:02 horas.*
3. *Que se aclare se o “erro na plataforma” obedeceu a un fallo técnico de funcionamento que impedía o acceso á mesma ou se tratou dun erro na mensaxe que recibe o usuario ao recuperar o contrasinal.
O bloqueo no acceso do usuario produciuse tras o erro reiterado na introdución das credenciais. Posteriormente, o licitador non consegue recuperar as credenciais e desbloquear o acceso debido á información mostrada na pantalla do cambio de contrasinal. Aínda así, o punto de partida vén derivado da equivocación previa especificada no paso 1 do presente epígrafe do informe. A pesar da indicación errónea na pantalla, o licitador é informado de que o contrasinal non é válida e non se percibe proactividade por parte do licitador para realizar distintas combinacións de contrasinais. Non é ata o momento no que contacta co noso Servizo de Atención ao Cliente cando consegue modificar o contrasinal e acceder sen problema á Plataforma.*
4. *Se houbo outras empresas afectadas polo “erro na plataforma” que impediu presentar as súas ofertas.
Consta, segundo repórtelos ao Servizo de Atención ao Cliente de Vortal, rexistro de consulta da empresa APPLUS NORCONTROL ás 09:51 horas, trasladando falta de tempo para o envío da oferta. Non consta presentación da mesma por parte do devandito licitador nin petición de informe sobre erros na Plataforma durante o proceso.*
5. *Confirman, se o primeiro contacto co servizo de atención ao usuario de Vortal produciuse ás 10:21 horas, do día 16/10/2023.
Segundo os reportes do noso Soporte de Atención ao Cliente, o contacto co usuario produciuse ás 10:21 horas, 21 minutos fora do prazo de presentación de ofertas.”*

Sexto: Unha vez recadados todos os elementos de xuízo necesarios, o xefe do servizo de Contratación, mediante informe de data 2 de novembro de 2023, conclúe:

“Non queda acreditado polo licitador a imposibilidade de presentar a oferta en prazo fose debido a problemas técnicos que non lle son imputables, xa que o bloqueo do contrasinal é debido a unha equivocación do propio licitador.

Os demais licitadores si puideron presentar as súas ofertas no prazo. O respecto aos principios de igualdade e non discriminación impón que as condicións establecidas para participar nas licitacións públicas, esíxanse e apliquen sen excepcións nin distincións entre os licitadores, de modo, que por principio, unha oferta non presentada en prazo, tal e como establece o PCA, debe de ser non admitida, salvo que exista unha evidencia de erro na plataforma que non se produce neste caso.

Por tanto, a ampliación de prazo para a presentación de ofertas solicitada pola empresa Enmacosa debe de ser desestimada”.

Sétimo: Vistos os antecedentes, a Xunta de Goberno da Deputación, na súa sesión ordinaria do día 10 de novembro de 2023, acorda desestimar a solicitude de ampliación de prazo de Enmacosa, considerando a cláusula 7 do prego administrativo, que recomenda realizar a presentación de ofertas con antelación suficiente para evitar imprevistos, así como diversas resolucións dos tribunais contractuais en casos similares. O acto é notificado á interesada con data 13 de novembro de 2023 (Rexistro saída NOT2023025847).



Oitavo: Mediante escrito con Rexistro de entrada WEB2023068173, de data 13/12/2023, Enmacosa interpón recurso de reposición contra o antedito acordo da Xunta de Goberno, solicitando a súa anulación, por entender que a resolución recorrida non é axustada a dereito.

En relación a dito recurso, con data 5 de marzo de 2024, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio emite informe (CSV: 5AR2LNBUVHJ5AL7K), conformado polo Secretario Xeral con data 8 de marzo de 2024, no que propón desestimar o recurso de reposición, dado que “(...) *non se aprecia que a recorrente achegue documentación ou información nova que evidencie un fallo no normal funcionamento da plataforma, e que permita apartarse do criterio seguido polo órgano de contratación para a desestimación da súa solicitude.*”

Concedida audiencia mediante Resolución Presidencial número 2024001911, de 7 de marzo de 2024, ás empresas licitadoras neste procedemento, non achegan alegación nin documentación ningunha.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Segundo o artigo 123.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), os actos ditados no presente procedemento poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

O recurso foi interposto dentro do prazo legalmente establecido no artigo 124.1 LPAC.

Segundo: A empresa Enmacosa Consultaría Técnica, S.A. está lexitimada para a interposición do recurso, ao ostentar a condición de interesada na licitación na súa condición de empresa operadora no ramo da presente contratación, e constatado na plataforma de licitación electrónica o intento de presentación de oferta no procedemento.

Terceiro: O artigo 119.1 LPAC establece que: “...*a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimará as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a inadmisión...*”.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución deste recurso é dun mes. Transcorrido dito prazo, de conformidade co artigo 24 LPAC, o efecto do silencio entenderase desestimatorio, sen prexuízo de que a resolución expresa posterior adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ao sentido do silencio.

Cuarto: En canto ao contido do recurso, e polo que respecta ao motivo “*Primeiro.- Sobre o fondo do asunto: deficiencias nas actuacións desenvoltas pola Deputación e Vortal*”, a empresa cuestiona o momento e termos nos que a Deputación solicita os informes a Vortal, afirmando de maneira totalmente infundada que tanto os informes da Deputación como os de Vortal adoecen de falta de rigor, amais dunha suposta mala xestión da incidencia e negligencia nas actuacións da plataforma.

Sobra dicir que a Administración pode e debe recadar cantos informes, información e demais elementos de xuízo considere necesarios e convenientes para a toma de decisións nos expedientes de contratación, sendo este un dos principios corolarios da instrución de calquera procedemento administrativo, que permite determinar, coñecer e comprobar os feitos en virtude dos cales debe pronunciarse a resolución.



O primeiro dos informes que emitiu Vortal (CSV: NOFZKV2JKQ4OH8DS) solicitouse unha vez transcorrido o prazo de presentación de ofertas, ás 10:22 horas do día 17/10/2023, visto que Enmacosa comunicara ao servizo de Contratación, de xeito informal, problemas para a presentación da oferta, e comprobado que finalmente non figuraba presentada.

Despois de analizar a incidencia formulada pola propia empresa, Vortal emitiu un segundo informe (CSV: VYC4ZJO5NPCOCAUB), que, a xuízo da Administración, presentaba elementos difusos, e contraditorios con respecto ao primeiro. Polo exposto, solicitouse aclaración ao departamento de calidade e seguridade da información de Vortal, que emite un terceiro informe, retallando todos e cada un dos aspectos que esta Administración consideraba necesarios para responder á petición (CSV: RZ2BW2X6XRBI9M8Z).

Os informes solicitados non poden máis que evidenciar a vontade e dilixencia da Administración de recadar toda a información posible e necesaria sobre os feitos relatados, en aras de esclarecer a situación, e tomar unha decisión razoada e motivada, garantindo os principios de concorrencia e igualdade que deben rexer todo procedemento de contratación.

Reiterase neste punto a Resolución 23/2019, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Canarias, xa aludida no acordo da Xunta de Goberno recorrido por Enmacosa:

“Precisamente el respeto a los principios de igualdad y no discriminación impone que las condiciones establecidas para participar en las licitaciones públicas, se exijan y apliquen sin excepciones ni distinciones entre los licitadores, de modo, que por principio, una oferta no presentada en plazo no ha de ser tenida en cuenta, a menos que el interesado acredite de forma indubitada que la no presentación obedeció a causas que no le son en modo alguno a él imputables, sino a la propia Administración, que en este caso conllevaría el garantizar que la herramienta para la presentación de proposiciones en forma electrónica permita, sin problemas técnicos de ningún tipo, la presentación de proposiciones a lo largo del plazo fijado al efecto, desde el primer al último día del plazo. En consecuencia, no se considera debidamente acreditado por las licitadoras que la imposibilidad de presentar la oferta en plazo se ha debido a problemas técnicos que no le son imputables, pues, de un lado, otros licitadores sí han podido presentar sus ofertas en el plazo concedido al efecto a través de la Plataforma sin incidencia alguna, ...”

Por outra banda, non se pode compartir a apreciación que fai a recorrente sobre a existencia de negligencia ou mala praxes da plataforma, visto que o bloqueo do usuario se produce ás 09:39:49 horas, a falta de 20 minutos para a finalización do prazo de presentación de ofertas, e despois de cinco intentos erróneos por parte da empresa ao acceder coas súas credenciais.

Nada máis producirse esta situación, a plataforma remítelle correo electrónico automatizado coa información e enlace necesarios para recuperar a contrasinal, ofrecéndolle o servizo de atención ao cliente. Non é ata ás 10:21 horas, 21 minutos fora do prazo de presentación de ofertas, cando se produce o primeiro contacto do usuario co servizo de atención ao cliente.



Como sinala a propia empresa na solicitude de ampliación de prazo, unha vez xerada o contrasinal conforme ás instrucións do servizo de atención ao cliente, a actualización é inmediata, pero o prazo de presentación de ofertas xa se atopaba excedido.

Compre sinalar que, aínda admitindo unha imprecisión ou erro na información do enlace facilitado por Vortal para o restablecemento da contrasinal, dito enlace indícalle claramente a porcentaxe de seguridade alcanzada cos caracteres establecidos pola empresa, sendo estes requisitos de restablecemento da contrasinal os mesmos que se exixiron para a contrasinal primitiva.

Segundo informa a plataforma, o bloqueo do usuario prodúcese por un erro do propio licitador, por introducir mal a contrasinal primitiva en cinco ocasións. E, facilitado o enlace de restablecemento de usuario, cando lle indica que a nova contrasinal é inválida, non se percibe proactividade por parte da empresa para realizar distintas combinacións de contrasinais.

En todo caso, dos informes de Vortal se desprende claramente que a non presentación da oferta por parte de Enmacosa non se debe a un problema técnico de funcionamento da plataforma, semellando obedecer máis ben a unha falta de pericia no manexo da plataforma electrónica, unida a haber apurado o prazo de presentación ata o último día.

Máis alá das apreciacións xenéricas e subxectivas da empresa, rebatidas neste punto, non se observa que achegue documentación ou información nova que evidencie un fallo no normal funcionamento da plataforma, que permita apartarse do criterio seguido polo órgano de contratación para a desestimación da súa solicitude, o cal se considera debidamente motivado.

Quinto: No motivo “*Segundo.- Conclusión: A resolución recorrida non é axustada e dereito e debe ser anulada*”, a empresa volve a reiterar, a modo de conclusión, as argumentacións rebatidas no punto anterior, acusando á Administración de ocultación de evidencias cando solicita o informe á plataforma. Rebátese dita afirmación coa remisión aos informes de Vortal, nos que pódese constatar que, para realizar a consulta, a Deputación non precisa achegar ningunha evidencia, dado que todos os pasos dos licitadores quedan rexistrados con selo de tempo na plataforma.

Por outra banda, a Resolución que achega como documento número 2 para apoiar as súas pretensións, que estima un recurso de reposición, admitindo unha solicitude de subvención presentada electrónicamente fora de prazo, obedece a un erro na sede electrónica que imposibilitou a presentación de instancias durante cinco minutos, e que afectou a todas as persoas interesadas. Circunstancia moi diferente á da recorrente, que non puido presentar a súa oferta por non conseguir restablecer a contrasinal de acceso antes da finalización do prazo, e non porque existira un fallo no normal funcionamento da plataforma, que impedira presentar ofertas nese tempo.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Desestimar na súa totalidade o recurso de reposición interposto pola empresa *Enmacosa Consultoria Técnica, S.A.* (CIF: A-27.812.627) contra o acordo da Xunta de Goberno número 9.33154, adoptado na súa sesión ordinaria do día 10 de novembro de 2023, que desestima a solicitude de ampliación do prazo de presentación de ofertas no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de “*Execución do control de calidade das obras contratadas pola Deputación de Pontevedra*”.

15.33613.- REAXUSTE DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO DE OBRAS NA ZONA F2 - LOTE 6, DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2022017784)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona F2 – Lote 6” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.

A Xunta de Goberno de data 6 de maio de 2022, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA F2-lote 6 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria” do polo importe 688.577,74 € IVE incluído.

Con data 17 de xaneiro de 2023 a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. presenta por rexistro (WEB2023002648) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o antedito contrato.

A Xunta de Goberno de data 30 de xuño do 2023, acordou aprobar a revisión excepcional de prezos do dito contrato, aplicando a fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, por importe de 88.456,69 €, IVE incluído.

Por Resolución Presidencial RP2023006248 de data 8 de agosto do 2023 apróbase o recoñecemento da obriga e o pago la certificación de revisión de prezos polo importe acordado 88.456,69 €.

Unha vez publicados os índices definitivos que afectan ao período de execución de obra, o Servizo de Infraestruturas, con data 18 de decembro do 2023, emite novo informe (CSV 9IL9D0FKFSZ6LCZ2) determinando que a revisión de prezos que procedería é de 59.022,08 €.



Tendo en conta a diferenza existente entre o aboado e o importe actualizado resultante da revisión de prezos, é necesario un reaxuste no importe aboado a empresa, que representa unha diferenza con respecto á revisión anterior de 29.434,61 € menos.

Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, con data 31 de xaneiro, informa, favorablemente á proposta de reaxuste da revisión excepcional de prezos, procedendo a devolución pola empresa CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886) a cantidade de 29.434,61 €.

A efectos da tramitación da devolución, achegárase polo contratista a certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

Por Resolución Presidencial RP2024001663 de data 27/02/2024 concédese trámite de audiencia ao contratista cun 10 días para presentar as alegacións que considere oportunas. Transcorrido dito prazo non de achegan alegacións nin documentación complementaria ningunha.

Con data 22/03/2024 Secretaría Xeral emite informe prestando “conformidade á proposta de reaxuste na revisión excepcional de prezos do presente contrato, tendo en conta as circunstancias que concorren no mesmo e a existencia do informe do servizo responsable do mesmo”. Inclúese como observación “(...) *No caso de non procederse ao seu abono de forma voluntaria, a Administración está facultada para o seu cobro aplicando as medidas que a lexislación lle atribúe así como a dedución da garantía definitiva depositada pola adxudicataria, de poder levarse a cabo*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.

Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.



Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reaxustar a revisión de prezos excepcional, aplicando os índices definitivos no “Contrato derivado LOTE 6. ZONA F2 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022”, adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886), por importe de 59.022,08 € (IVE incluído).

Tendo en conta que con data 10/08/2023 foron aboados 88.456,69 €, corresponde a devolución por parte da empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886), da diferenza 29.434,61 €.

A efectos da tramitación da devolución, o contratista achegará unha certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

No caso de non procederse ao seu abono de forma voluntaria, a Administración está facultada para o seu cobro aplicando as medidas que a lexislación lle atribúe así como a dedución da garantía definitiva depositada pola adxudicataria, de poder levarse a cabo

16.33614.- REAXUSTE DA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS DO CONTRATO DERIVADO DE OBRAS NA ZONA D2 - LOTE 4, DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.202217780)

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, acordou adxudicar o “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, Zona D2 – Lote 4” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.

A Xunta de Goberno de data 6 de maio de 2022, adxudicou o “Contrato derivado das obras na ZONA D2-lote 4 do Acordo marco de conservación de firmes na rede viaria” do polo importe 878.597,95 € IVE incluído.

Con data 17 de xaneiro de 2023 a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. presenta por rexistro (WEB2023002656) unha solicitude de revisión excepcional de prezos para o antedito contrato.



A Xunta de Goberno de data 30 de xuño do 2023, acordou aprobar a revisión excepcional de prezos do dito contrato, aplicando a fórmula nº 153 recollida no do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, por importe de 114.611,03 €, IVE incluído.

Por Resolución Presidencial RP2023006247 de data 8 de agosto do 2023 apróbase o recoñecemento da obriga e o pago la certificación de revisión de prezos polo importe acordado 114.611,03 €.

Unha vez publicados os índices definitivos que afectan ao período de execución de obra, o Servizo de Infraestruturas, con data 18 de decembro do 2023, emite novo informe (CSV 7WC3NU33JS8018Y0) determinando que a revisión de prezos que procedería é de 91.589,86 €.

Tendo en conta a diferenza existente entre o aboado e o importe actualizado resultante da revisión de prezos, é necesario un reaxuste no importe aboado a empresa, que representa unha diferenza con respecto á revisión anterior de 23.021,17 € menos.

Trasladado o expediente á Intervención ó obxecto de ser fiscalizado nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, con data 6 de febreiro, informa, favorablemente á proposta de reaxuste da revisión excepcional de prezos, procedendo a devolución pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886) a cantidade de 23.021,17 €.

A efectos da tramitación da devolución, achegárase polo contratista a certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

Por Resolución Presidencial RP2024001662 de data 27/02/2024 concédese trámite de audiencia ao contratista cun 10 días para presentar as alegacións que considere oportunas. Transcorrido dito prazo non de achegan alegacións nin documentación complementaria ningunha.

Con data 22/03/2024 Secretaría Xeral emite informe prestando conformidade á proposta de reaxuste na revisión excepcional de prezos do presente contrato, tendo en conta as circunstancias que concorren no mesmo e a existencia do informe do servizo responsable do mesmo”. Incluindo como observación “(..) *No caso de non procederse ao seu abono de forma voluntaria, a Administración está facultada para o seu cobro aplicando as medidas que a lexislación lle atribúe así como a dedución da garantía definitiva depositada pola adxudicataria, de poder levarse a cabo*”.

Considerando o previsto no artigo 103 e seguintes de Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sobre a revisión de prezos contratos.

Considerando que o Real Decreto-lei 3/2022, que prevé, no seu Título II, medidas de carácter extraordinario para permitir unha revisión excepcional dos prezos dos contratos públicos de obras afectados pola subida dos prezos dos materiais.



Considerando que o día 30 de marzo de 2022, publicouse en BOE/BOE a Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes no marco do Plan Nacional de resposta ás consecuencias económicas e sociais da guerra en Ucraína, na Disposición final trixésima sétima, modifica os artigos 6, 7, 8 e 9 da Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo.

Considerando o Real Decreto-lei 14/2022, do 1 de agosto, de medidas de sustentabilidade económica no ámbito do transporte, en materia de bolsas e axudas ao estudo, así como de medidas de aforro, eficiencia enerxética e de redución da dependencia enerxética do gas natural, que volve modificar o artigo 6 do Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, relativo aos casos susceptibles de revisión excepcional de prezos nos contratos de obras.

Considerando as formulas do anexo II do Real Decreto 1359/2011, do 7 de outubro, polo que se aproba a relación de materiais básicos e as fórmulas-tipo xerais de revisión de prezos dos contratos de obras e de contratos de subministración de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar coma órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta ou disposto non artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto refundido dá Lei reguladora das facendas locais e ou establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reaxustar a revisión de prezos excepcional, aplicando os índices definitivos no “Contrato derivado LOTE 4. ZONA D2 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022”, adxudicado á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886), por importe de 91.589,86 € (IVE incluído).

Tendo en conta que con data 10/08/20219 foron aboados 114.611,03 €, corresponde a devolución por parte da empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886), da diferenza, 23.021,17 €.

A efectos da tramitación da devolución, o contratista achegará unha certificación e a factura de abono correspondentes á citada liquidación.

No caso de non procederse ao seu aboo de forma voluntaria, a Administración está facultada para o seu cobro aplicando as medidas que a lexislación lle atribúe así como a dedución da garantía definitiva depositada pola adxudicataria, de poder levarse a cabo.



17.33615.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE SILLEDA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO DE 03/11/2023 PARA OS “GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA”. (Expte.2023060206)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 11 de agosto de 2023 aprobou as bases reguladoras para a “Concesión de axudas ás escolas de música dependentes de asociacións sen ánimo de lucro para o ano 2023” (acordo 11.32900) publicadas no BOPPO núm. 21 de agosto de 2023.

Segundo.- En data 19/09/2023, José Herminio Gómez Frade, en representación da Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda (NIF: G-36.266.682) presenta unha solicitude para os “gastos de funcionamento da escola de música”, achegando un orzamento por importe de 104.025,91 €.

Terceiro.- Ao abeiro de dita convocatoria, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 3 de novembro de 2023 (Acordo núm. 3.33125) acordou concederlle á Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda, do concello de Silleda (NIF: G-36.266.682) unha subvención por importe de 3.733,00 € para os “gastos de funcionamento da escola de música” con cargo á aplicación orzamentaria 23/330.3260.489.09 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 25 de xaneiro de 2024 e número de rexistro WEB2024003738, José Herminio Gómez Frade, en representación da Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de poder xustificar debidamente dita subvención.

Quinto.- Con data 29 de xaneiro de 2024 Intervención fiscaliza de xeito favorable (CSV: 57N9IS3ZOC6XEDFR) a renuncia presentada pola Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda (NIF: G-36.266.682).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 22 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra



Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o [artigo 22.1 da Lei 38/2003](#), xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia, sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Cuarto.- Por outra banda, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou a renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión da subvención obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda* (NIF: G-36.266.682) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 3.733,00 € para os gastos de funcionamento da escola de música (documento co CSV: ZCOMVR5SUDG6GFCB).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



18.33616.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CULTURAL O CHOPO, DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023 PARA A ORGANIZACIÓN “XXII ENCONTRO MUSICAL INTERNACIONAL INTERHOSPITALAR” (Expte.2023014675)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023” (Acordo núm. 11.32490), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 22 de 1 de febreiro de 2023.

Segundo.- En data 01/03/2023, Julio Manuel Vázquez Martínez, en representación da Asoc. Cultural O Chopo (NIF: G-36.501.435) presenta unha solicitude de subvención para a “Organización XXII Encontro musical internacional interhospitalar”, achegando un orzamento por importe de 3.323,90 €.

Terceiro.- Ao abeiro de dita convocatoria, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 16 de xuño de 2023 (Acordo núm. 3.32752) acordou concederlle á Asoc. Cultural O Chopo, do concello de Pontevedra (NIF: G-36.501.435) unha subvención por importe de 1.345,99€ para a “Organización XXII Encontro musical internacional interhospitalar” con cargo á aplicación orzamentaria 23/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 26 de febreiro de 2024 e número de rexistro WEB2024012382, Margarita Godoy Novo, en representación da Asoc. Cultural O Chopo, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque os gastos desta actividade foron asumidos pola administración autonómica.

Quinto.- Con data 7 de marzo de 2024 Intervención fiscaliza de xeito favorable (CSV: TI8CJSVGS3GB5XV9) a renuncia presentada pola Asoc. Cultural O Chopo (NIF: G-36.501.435).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 22 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra



Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia, sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Cuarto.- Por outra banda, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados da desistencia ou a renuncia.

É dicir, tanto a desistencia como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión da subvención obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asoc. Cultural O Chopo (NIF: G-36.501.435) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 1.345,99 € para a organización XXII Encontro musical internacional interhospitalar (documento co CSV: W00Q4GDJWOEDBKUU).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.



19.33617.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA ARUME DE MALVAS, DO CONCELLO DE TUI, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023 PARA A “PARTICIPACIÓN NO FESTIVAL CÉLTICO EN BREST (FRANCIA)”.
(Expte. 2023010741)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023” (Acordo núm. 11.32490), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 22 de 1 de febreiro de 2023.

Segundo.- En data 16/02/2023, Aurelio Rodríguez Bargiela, en representación da Asoc Cultural Recreativa Arume de Malvas, de Tui (NIF: G-36.599.652) presenta unha solicitude para a “Participación no festival céltico en Brest (Francia)”, achegando un orzamento por importe de 6.787,80 €.

Terceiro.- Ao abeiro de dita convocatoria, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 16 de xuño de 2023 (Acordo núm. 3.32752) acordou concederlle a Asoc Cultural Recreativa Arume de Malvas, de Tui (NIF: G-36.599.652) unha subvención de 1.650,00€ para a “Participación no festival céltico en Brest (Francia)” con cargo á aplicación orzamentaria 23/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 26 de febreiro de 2024 e número de rexistro WEB2024014508, Aurelio Rodríguez Bargiela, en representación da Asoc Cultural Recreativa Arume de Malvas, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada porque os gastos desta actividade foron asumidos pola Comunidade de Montes de Malvas.

Quinto.- Con data 18 de marzo de 2024 Intervención fiscaliza de xeito favorable (CSV: RMI88U9Q3GM03JS2) a renuncia presentada pola Asoc Cultural Recreativa Arume de Malvas, de Tui (NIF: G-36.599.652).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 22 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).



- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia, sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Cuarto.- Por outra banda, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados da desistencia ou a renuncia.

É dicir, tanto a desistencia como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión da subvención obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola Asoc Cultural Recreativa Arume de Malvas, de Tui (NIF: G-36.599.652) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por un importe de 1.650,00 € para a “Participación no festival céltico en Brest (Francia)” (documento co CSV: 8DPZFI6JOKIA44ZV).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

20.33618.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN ACORDEÓNS DE LALÍN, DO CONCELLO DE LALÍN, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO DE 16/06/2023 PARA A ORGANIZACIÓN II EDICIÓN “DÍA MUNDIAL DO ACORDEÓN DE LALÍN”.
(Expte.2023013901)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2023” (Acordo núm. 11.32490), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 22 de 1 de febreiro de 2023.

Segundo.- En data 28/03/2023, Juan Carlos Ruibal Vilar, en representación da Asoc. Acordeóns de Lalín (NIF: G-01.708.866) presenta unha solicitude para a “II Edición “Día mundial do acordeón de Lalín””, achegando un orzamento por importe de 1.500,00 €.

Terceiro.- Ao abeiro de dita convocatoria, a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 16 de xuño de 2023 (Acordo núm. 3.32752) acordou concederlle á Asoc. Acordeóns de Lalín, do concello de Lalín (NIF: G-01.708.866) unha subvención por un importe de 942,20 € para a “II Edición “Día mundial do acordeón de Lalín”” con cargo á aplicación orzamentaria 23/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 08 de marzo de 2024 e número de rexistro WEB2024016198, Juan Carlos Ruibal Vilar, en representación da Asoc. Acordeóns de Lalín, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de levar a cabo a actividade prevista.

Quinto.- Con data 20 de marzo de 2024 Intervención fiscaliza de xeito favorable (CSV: R2GN5D8EVLBED0UN) a renuncia presentada pola Asoc. Acordeóns de Lalín (NIF: G-01.708.866).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións: arts. 22 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o art. 19 da Lei de subvencións de Galicia, sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, e no artigo 118 d), a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Cuarto.- Por outra banda, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Tanto a desistencia como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados da desistencia ou a renuncia.

É dicir, tanto a desistencia como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



